

Primeiro de todo, teredes que ver esta curtametraxe, para poder reflexionar e dar resposta as seguintes preguntas: <https://www.youtube.com/watch?v=WgiB06NNo5E&t=316s>

Podedes responder as preguntas por escrito, como facemos habitualmente, ou tamén podedes mandarme un vídeo comentando o que vos pareceu o vídeo e dando resposta ás preguntas.

A continuación, déixovos por aquí a **definición** de bullying ou acoso escolar:

O acoso escolar é unha forma de violencia entre compañeiros/as na que un ou varios alumnos/as molestan e agreden de xeito constante e repetido a un ou varios compañeiros, os cales non poden defenderse e, xeralmente, están nunha posición de desvantaxa ou inferioridade.

1. Tendo en conta a definición de acoso escolar. Cres que a situación que aparece no vídeo é unha situación de acoso escolar?

2. Cal é a vítima? E o agresor?

3. Hai cómplices?

4. Cres que o resto dos compañeiros/as que estaban observando a situación actuaron ben? Baixo o teu punto de vista, que cres que deberían facer?

5. No acoso escolar ten que estar presente sempre a violencia física ou pode existir algún outro tipo de violencia?

6. Que cres que debería facer o alumnado acosado despois de vivir esta situación?

A continuación, déixovos dúas imaxes para que reflexiones sobre o acoso escolar. Esta actividade gustaríame que a enviades por escrito. Se queredes, ademais de enviala por escrito, podedes comentala tamén no vídeo.

- No apartado “SE SIENTE” teremos que responder como cremos que se sente a vítima. (Recordade a definición das emocións que vimos na aula).
- No apartado “PORQUE” teremos que responder porque cremos que se sente así.
- No apartado “YO PROPONGO” teremos que buscar unha solución a esa situación.

Por último, teredes que pensar en dous (ou máis) adxectivos ou cousas positivas dos vosos compañeiros que asisten ás clases de Valores. Podedes escribilos nun folio ou nunha folla da libreta e envialo a través do mail.

Aquí tedes algúns exemplos:

- Carla é unha nena moi traballadora e boa persoa, sempre axuda aos seus compañeiros/as cando o precisan.
- Alba sempre me escoita e me da bos consellos cando estou en problemas.
- Carlos é un neno moi respectuoso cos demais. Aínda que non pense o mesmo que o seu amigo, son capaces de poñerse de acordo e xogar xuntos.



SE SIENTE

PORQUE...

YO PROPONGO



SE SIENTE

PORQUE...

YO PROPONGO

